

INSTITUCIONAL



1. José Antonio Domínguez Varela toma posesión como novo xerente do Consorcio de Santiago

José Antonio Domínguez Varela tomou posesión o día 18 de febreiro do seu cargo como xerente do Consorcio de Santiago, tras a aprobación do seu nomeamento no Consello de Administración do organismo que tivo lugar o pasado día 6 de febreiro e a súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) o día 14 de febreiro. A presidenta do ente interadministrativo e alcaldesa de Santiago, Gorette Sanmartín, estivo presente durante o acto administrativo no Pazo de Vaamonde, sede do Consorcio de Santiago.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/noticias/jose-antonio-dominguez-varela-nomeado-novo-xerente-do-consorcio-de-santiago>

OFICINA TÉCNICA

2. Continúan os traballos para a instalación dunha pasarela de unión no conxunto de San Domingos de Bonaval

O Consorcio de Santiago iniciou no mes de xaneiro os traballos para a execución dunha pasarela de unión entre a ala sur e o corpo principal do conxunto de San Domingos de Bonaval, un proxecto que ten como obxectivo facilitar a circulación entre as áreas expositivas do Museo do Pobo Galego.

Na intervención se colocarán dous elementos, unha pasarela sobre a escaleira do claustro e un típano de sectorización de incendios que segregue a ala sur en caso de necesidade, cunha resistencia mínima ao lume de 30 minutos.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/noticias/comenzan-os-traballos-para-instalacion-dunha-pasarela-de-union-no-conxunto-de-san-domingos-de-bonaval>



EXPOSICIÓNS



3. A exposición "Compostela a Lupa. Manuel Chicharro Bisi entre dous aniversarios 1849-1924" pechará no mes de marzo

A exposición "Compostela a Lupa. Manuel Chicharro Bisi entre dous aniversarios 1849-1924", que leva aberta na Casa do Cabido desde o mes de decembro, finalizará no mes de marzo.

Esta mostra, organizada polo Consorcio de Santiago en colaboración co Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia), permite ao visitante mergullarse no percorrido dos ilustres fotógrafos Manuel Chicharro Bisi e o seu fillo Luis Chicharro Robelo, ao mesmo tempo que se adentra nunhas imaxes que ofrecen tanto elementos de patrimonio desaparecido como detalles históricos nunca vistos da cidade de Santiago de Compostela e a súa xente.

A próxima exposición da Casa do Cabido será "Compostela [etno]gráfica. 125 anos de historia de patrimonio gráfico comercial".

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/noticias/aberta-na-casa-do-cabido-exposicion-compostela-lupa-unha-loumesse-manuel-chicharro>

MÚSICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

1. O espectáculo "Preguntas sen resposta?" recrea a imaxe de coñecidos compositores grazas á intelixencia artificial

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu os días 6, 7 e 8 de febreiro tres concertos didácticos, incluídos dentro da programación escolar que adoita ofrecer Compostela Cultura, a centros educativos de Santiago e Galicia.

Co fin de provocar a reflexión entre os máis mozos sobre as indagacións existencialistas comúns aos seres humanos e propor unha viaxe individual e colectiva de crecemento e descubrimento, a deseñadora do proxecto, Olaia Novo, utilizou ferramentas de intelixencia artificial para recrear as imaxes de coñecidos compositores. Deste xeito, ademais de contar coa súa voz como fío narrativo condutor, e baixo a batuta do director asistente da RFG, Sebastian Zinca, o público tivo a oportunidade de ver no escenario a Charles Ives, Dmitri Shostakovich, Gustav Mahler e mesmo a Ludwig van Beethoven.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gal/programa-escolar/programa-escolar-2024-25/programa-escolar-2024-25-1>



2. Amandine Beyer volve a tomar a batuta da Real Filharmonía de Galicia

Baixo o título "Marianne e Maddalena", a Real Filharmonía foi dirixida o xoves 13 en Santiago e o venres 14 en Lugo pola violinista Amandine Beyer, artista en residencia da actual temporada da RFG, Inconformistas.

Interpretáronse obras de Marianne von Martínez (Sinfonía en Do maior); Maddalena Lombardini (Concerto para violín núm. 3 en La maior, op. 3) e tamén František Xaver Richter (Sinfonía con fuga en Sol menor, op. 7).

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gal/noticias/amandine-beyer-volve-dirixir-a-real-filharmonia-de-galicia>

3. Baldur Brönnimann dirixe á Real Filharmonía de Galicia xunto á pianista Mirabelle Kajenjeri

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu este día 19, no Centro Cultural Afundación en Vigo, e o día 20, no Auditorio de Galicia de Santiago, un programa que leva por título "Rompendo moldes". Na ocasión, o público tivo a oportunidade de escoitar as impresións e intercambiar ideas co director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia, Baldur Brönnimann.

O concerto incluíu tres xéneros orquestrais –poema sinfónico, concerto e sinfonía– que supoñen neste caso unha ruptura cos moldes establecidos polas conexións coa literatura, a ruptura coas expectativas harmónicas e coas estruturas tradicionais, ou a pescuda de novas cores orquestrais. As obras interpretadas foron Prélude à l'après-midi d'un faune, de Claude Debussy, o Concerto para piano núm. 2 en La maior, S. 125 de Franz Liszt, a Sinfonía núm. 5 en Mi maior, op. 77 "Lenore", do compositor Joachim Raff, quen foi asistente de Liszt.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gal/noticias/baldur-bronnimann-dirixe-a-real-filharmonia-de-galicia-xunto-a-pianista-mirabelle-kajenjeri>




ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

1. Amandine Beyer dirixe aos alumnos do CAEO nun concerto de música barroca

O día 13 de febreiro, antes da súa actuación coa Real Filharmonía de Galicia, a violinista Amandine Beyer tivo un preconcerto xunto aos alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral da Escola de Altos Estudos Musicais.

Esta actuación tivo lugar na Sala Mozart do Auditorio de Galicia e nel foron interpretadas obras de Telemann, Vivaldi, Torelli e Dall'Abaco.


Máis información CAEO:
<https://www.esgfgalicia.org/noticias/amandine-beyer-dirixe-aos-alumnos-do-caeo-para-o-seu-pre-concerto-o-dia-13-de-febreiro/>



2. A EAEM abre a convocatoria de Especialización Orquestral 2025-2026

O curso de posgrao da EAEM Curso Avanzado de Especialización Orquestral (CAEO), dirixido a todos aqueles estudantes que remataron os seus estudos e teñan o obxectivo de formar parte dunha orquestra profesional, abre a súa convocatoria para o 2025-2026. As solicitudes para inscribirse no curso deberán presentarse ata o 16 de xuño de 2025 a través da web eaem.es.

Máis información CAEO:
<https://www.esgfgalicia.org/noticias/convocatoria-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral-2025-26/>



3. Continúa durante o mes de febreiro a oferta de clases maxistras da EAEM

A fagotista María José Rielo, o trompetista Josep Anton Casado, a violinista Raquel Castro e os frautistas Matthieu Gauci-Ancelin e Cristina Fassbender son os solistas de recoñecido prestixio internacional que impartiron clases maxistras durante o mes de febreiro na Escola de Altos Estudos Musicais.